

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 21 DE MAIO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e un de maio de dous mil dezaoto ; as dez horas e vinte minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado catorce de maio de dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non hai.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

Non hai.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Escrito da Deputación Provincial de Ourense comunicando acordo da Xunta de Goberno da Deputación de data 20 de abril de 2018 de aprobación de subvención ao concello de Ribadavia para a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia por importe de 35.000 euros.

-Escrito da Axencia de Turismo de Galicia comunicando a inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia do cambio de titular do establecemento de Café Bar Veronzasito en Veronza 35 baixo.

-Escrito do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental de Ourense(actuacións informativas 1/2018) comunicando a existencia dun amoreamento de asfalto fresado sen valorizar na parcela 612 do polígono 14 do concello de Ribadavia , de titularidade municipal.

A xunta de goberno acorda comunicar que se procederá a inmediata retirada do amoreamento do material bituminoso obxecto de denuncia.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DE PROYECTO DE OBRAS

Visto el proyecto de “ Mellora da accesibilidade ao parque dos xardincillos e beirarrúas do seu entorno” de fecha de febrero de 2018 redactado por el arquitecto técnico don Miguel Angel Pérez Marquina.

Vista la Ley 2/2016 del Suelo de Galicia, artículo 147.2 :” las obras públicas municipales se entenderán autorizadas por el acuerdo de aprobación del proyecto previa acreditación en el expediente del cumplimiento de la legislación urbanística así como del planeamiento en vigor”

Vista la Resolución sobre actuación que afecta al contorno de protección de un bien de interes cultural , expediente 66/441, asunto:Beirarrúas rúa do Portal de la Jefatura Territorial de Ourense de fecha 16/05/2018, con número de registro de entrada en el ayuntamiento de Ribadavia de 16 de mayo de 2018 en la que se indica:

“-Prohíbese o emprego de granito Rosa Porriño, sendo o único material a empregar na pavimentación o granito moreno tradicional da zona.”

Visto el escrito del Servizo Provincial AXI de Ourense con registro de entrada en el ayuntamiento de 16 de mayo de 2018 en el que exige la constitución de una fianza de 500 euros para la actuación.

En ejercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 15 de junio de 2015, la Junta de Gobierno Local acuerda.

-Aprobar el proyecto de “ Mellora da accesibilidade ao Parque dos Xardincillos e beirarrúas do seu entorno “ con la cautela de que no se utilizará granito rosa de Porriño, siendo el único material a emplear en la pavimentación el granito moreno tradicional de la zona.

-Que se lleve a cabo el replanteo del proyecto según el artículo 236 de la Ley 9/2017 de Contratos del Sector Público

Acordo de inicio de expediente de contratación da obra de “ Mellora da accesibilidade ao parque dos xardincillos e beirarrúas do seu entorno”

Visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento

Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,e en exercicio de competencia delegada por Decreto de alcaldía de 15 de xuño de 2015.

A xunta de goberno local ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado sumario, para *a contratación da obra de MELLORA DA ACCESIBILIDADE AO PARQUE DOS XARDINCILLOS E BEIRARRÚAS DO SEU ENTORNO* convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente:
55.209,71 euros con cargo ao orzamento de 2018.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SEXTO. Designar á unidade técnica formada por secretario, interventor e tesorero técnicos deste Concello, como órgano competente para proceder á apertura das proposicións e á valoración das ofertas.

SÉTIMO. Finalizado o prazo de presentación de proposicións, procederase á apertura das proposicións mediante dispositivo electrónico e á súa valoración.

OITAVO. Efectuada a valoración das proposicións e a proposta de adxudicación, comprobarase no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas

Clasificadas, que o adxudicatario proposto cumpre cos requisitos necesarios de capacidade e procederase á adxudicación do contrato

Contrato menor de actuación artística

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2016.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a ... 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos.

118.3 No expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación de regras xerais de contratación , e que o contratista non teña subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro de este artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de esta regla. ***Quedan excluídos os supostos encadrados no artigo 168.a.2).***

Artigo 168.a.2) “ Cando ... os servizos samente podan ser encomendados a un empresario determinado por algunha das seguintes razóns: que o contrato teña por obxecto a creación ou adquisición dunha obra de arte ou representación artística única non integrante do Patrimonio histórico español... ou que proceda a protección de dereitos exclusivos , incluídos os dereitos de propiedade intelectual ou industrial.”

17 Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenrolo dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou dun subministro, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

Visto o Informe 2/2016 da Junta Consultiva de Contratación Administrativa de Catalunya :” En definitiva, la adjudicación de un contrato al amparo del artículo 170 d) del TRLCSP, fundamentado en la concurrencia de razones artísticas o técnicas, procede cuando es imposible promover la concurrencia porque objetivamente existe una única empresa o profesional que pueda encargarse de la ejecución del contrato, lo cual se tiene que justificar y acreditar por el órgano de contratación en el expediente”

Sendo imposible promover a concorrencia porque obxectivamente só existe unha empresa encargada da execución do contato.

Contratar con Zouma Producciones SL , representante do artista Lagarto Amarillo, a realización dun concerto o día 8 de setembro de 2018 en Ribadavia na Alameda as 23:30 horas polo importe de 14.278,00 euros, IVE engadido.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.

E sendo as dez horas e corenta e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO